

EXP. 231/2025

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO
CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 09/12/2025 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“.....

6.6. Solicitude de subvención da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras para a organizaiaón dunha andaina (Exp. 231/2025)

Dáse conta da instancia presentada por Roberto Lloves González, en nome e representación da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras, con CIF G32030355, en calidade de presidente, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a organización dunha andaina.

A entidade solicitante figura inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 07/08/2006.

Nas bases de execución (base 24^a, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2025 consta a seguinte subvención nominativa:

CIF	ENTIDADE /FINALIDADE	IMPORTE
G32030355	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE MOREIRAS / Organización dunha andaina polo Municipio de Toén ano 2025	1.200,00 €

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004 (BOP nº 19, do 25/01/2005), a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran presentes na sesión e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023 (BOP nº 154, do 06/07/2023), ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras, con CIF G32030355, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 1.200,00 €, cantidade recollida na base 24^a das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2025, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da organización dunha andaina polo municipio. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.



TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar a través do rexistro electrónico da sede electrónica municipal <https://concellodetoen.sedelectronica.es/info.0> antes do día 22/12/2025 a conta xustificativa asinada electronicamente que conterà a seguinte documentación (segundo os modelos que se remitirán xunto coa notificación deste acordo):

- *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- *Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarase o seu pagamento conforme á normativa vixente en materia de pagos, recordándose a prohibición de realización de pagamentos en efectivo por importe superior aos 1.000,00 € (artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro -modificada pola Lei 11/2021, do 9 de xullo -BOE nº 164, do 10/07/2021-).*
- *Declaración subscrita pola persoa beneficiaria ou a súa persoa representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- *Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.*
- *Certificación de titularidade de conta bancaria a nome da entidade beneficiaria na que se fará o ingreso da subvención unha vez aprobada, no seu caso, a conta xustificativa.*

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde, Ricardo González Gómez, en Toén na data da sinatura electrónica.

(Documento asinado electronicamente)

